

Toco a túa vida na miña boca

Toco a túa vida na miña boca.
Apretando o cóbado contra a pedra,
facendo sangue dos preliminares
e bostela no xa foi.
Toco sen tocar
esvaecer non é só cousa de bruxas.

Os eucaliptos levan o lume dentro,
cunha brisa quente
 arderá o monte
como ardeu
o teu desexo inconstante.

Tocas tocando,
agarrando os meus seos
de home avellentado.

Tocas afundindo
 os teus ollos
 na néboa que non hai
contando a nosa historia...

Sopras un dente de león cos labios moi xuntos

Sopras un dente de león cos labios moi xuntos e algo tanxible desaparece entre os dedos.

Prodúcese unha elipse, mudan os corpos, os estados de ánimo cambalean.

Aparecemos dentro doutra película; o argumento tende ao melodrama; a tonalidade, á fractura dun espazo doméstico.

No punto álxido, alguén fêcha unha porta con estrondo e no ángulo esquerdo da casa abre unha fenda.

A historia transcorre no tempo dos lagartos; o desenlace, nunha encrucillada próxima a setembro.



Ilustración: RAQUEL SENRA
O tempo dos lagartos

NON sabemos como despedirnos da dor,
da cinza dos últimos veráns;
non sabemos como soterrar este silencio,
as imaxes sen consolo, as palabras mortas.

Aparecen no frío as flores das maceiras,
as prímulas coas súas cores de púrpura
e roseira. Aparecen na tarde devagar
os animais da noite, o azul mesto
dos ceos de outubro, as feridas vellas.

Non sabemos como despedirnos da dor,
das promesas que as mareas levaron;
non sabemos como nomear este naufraxio,
como ler as páxinas que agoiran a neve.

Arrumamos as cousas baleiras, os froitos da segura
e as esperas, arrumamos as sombras da vida
que se foi entre cóbregas, ardendo.

Esta casa durmida é o lugar do outono,
esta casa durmida soñará nun idioma estraño.

Non sabemos como despedirnos da dor,
da cinza dos últimos veráns.

entra o sol cheirar a casa
coma o sabuxo cando se encontra coas paredes

ladran os cas
e estoume na cama
anotaba miña avoa Carmen as súas preocupacións
a súa vida nun libro brillante
oral
puído de sucesos
que eran de lume, servizo, misterios, camiños e pratos
a súa ética non entendía a vida despreocupada
e ata cando xa non daba, vía madurar o traballo

Declara a dor:

agora ti es a cabeza plana triangular da ancestra,
nos Bordos medran carballos
e as leiras son de centeo e trigo
e nos adentros do verso os tubérculos.
As portas da Anta abren para acoller o corpo da concepción.
Os teus aneis son lagoa
nela descansan as que non admiten ser perturbadas
nada se interpón xa entre ti e a morte.

Declara a dor:

os teus aneis son río que sostén a caeira de socalcos
as ancestrais cultivan
e beben o prebe da pavía,
con elas soportas o bombardeo de Barcelona
con elas serás América.

Non son mudas
non gardan silencio
acadaron a serenidade.

A túa cabeza é triangular
o teu idioma repta e neste intre mudas a pel
para que florezan os mundos
nada se interpón xa entre ti e a morte.

Declara a dor:

un brote que se escribe nas augas da Antela
nomes que son dun río

por iso cultivo un xardín
para poder dicircho
«non me toques»

O resumo non fai xustiza,
en catro liñas non colle
a verdade,
ou polo menos aquel relato
do cotián:
non se matiza o sol
que entra pola ventá e os ve
charlando arredor da mesa,
as faragullas enleándoo todo
e ela no oficio de varrelas,
nin asumido nin imposto,
só alegre, o cepillo como parte
das palabras
e o ton de voz tomando das avoas
e das sopeiras de louza.
Algunhas formas de amor
xamais cadran coa sintaxe.

Pilara da Fraga
abría os ollos.
Quentaba un pouco leite
na cociña de butano.
As súas mans
eran fríos palacios
de sensibilidade arbórea.
Cun vestido feito de hedra
saía pola mañá da casa.
Bautizaba as faíscas altivas
da cripta de Notre Dame.

a viaxe é por dentro
a viaxe é con quen
andar mapas que pasan
da resolución web
á high definition do hd
á do átomo elemental
a viaxe é mental
a viaxe
 e mentar
o que pasa polos sentidos
e bocar envorcar evocar
a realidade aumentada
a inmersión total
a viaxe a por dentro
a caricia, o bico, o pescozo
o abrazo a apreta o salouco
ao apertarte dende atrás
viáxame, viáxame que eu
hei tamén de te viaxar
día a día intre a intre
só de ida só de ida
será isto este iste
meu xeito de te amar

CANTO SEGUNDO PARA UN FILLO NON NADO

SENTEI sobre a memoria con coidado
para que non rompese
coma se algo fose cortar a transmisión
de carne entre nós os dous.
Co meu peso abrín un oco
por exceso de preguntas:
onde estabas a existir antes de min?
Como era a túa transparencia?
Sentín a esfera do mundo
perder a súa casca no meu intestino
gabearon polos meus nervios de trapo
algunhas ratas, esquiños, furóns
chegaron ao núcleo mesmo do tempo
e unha tensión de arpa cravou
a miña silueta naquel edén terrible
xunto á raíz da araucaria.
Apareceu a túa voz
antes do diluvio
aínda antes
de que ouvease o bosque
en todos os desmaios desas mortas
por parir
e a súa suavidade fería os meus latexos.
Toda a miña brusquidade contra a túa fráxil textura
de cadrelo
e aquel cheiro teu salvaxe de animal que treme
e sabe ser feroz
se hai montaña ou se hai lúa
ou se as deusas precipitan os designios.
Sabes volverme insomne
deixar pegadas en cada precipicio ao que me inclino.
Vou volver aprenderlle o teu nome aos meus soños
dubidan entre chamarte
ou perderte no templo vasto da memoria.

Estou sentada xusto alí
ardendo
alí temendo o teu regreso
e a vinganza toda.
Apaguei as túas formas de respirar cada vez que se
alumaban
escondín os teus restos baixo o cairo superior
—eu quería algo punzante para a túa custodia ninguén
te buscaría entre tanta saliva e tanta noite—.
Agora o meu padal é un berce que arrola
o esquecemento
polos séculos.

Atravésote acotío con aire quente e con palabras
é curioso que de ti apenas medre este silencio.

Desenfocados e fóra de plano.
Pugnamos por situarnos no centro da pantalla,
a empurróns ou en loitas soterradas. Gritamos,
viralizamos, e patamos ata converternos nun eu desenfocado
e punteado por infinitas liñas dunha multitude
de rostro multiplicado.

Gravitamos arredor da mesma órbita renegando da
especie que habita cada unha delas.

Incapaces de frear, pisamos a fondo, mentres o
semáforo verde autoriza todas as rutas que conflúen
en idéntico meridiano. De Czestochowa a
Nagoya desapareceron todas as postais que fotografaban
o mesmo pavimento.

Persequimos, de maneira insomne, as imaxes que
nos retratan hieráticos como estatuas de sal, nas
encrucilladas das cidades que perderon a memoria.

